

**Federación Galega de Taekwondo**  
**Estatutos**

**TÍTULO I**  
**DISPOSICIÓN XERAIS**

**Artigo 1. -**

1.- A Federación Galega de Taekwondo, no sucesivo FGT, é unha entidade asociativa privada, se ben de utilidade pública, que se rexe polas normas da Dirección Xeral para o Deporte, polas disposicións que conforma a Lexislación Deportiva Galega, polos presentes Estatutos e o seu Regulamento Xeral e polas dentáis normas de orde interno que dicte no exercicio das súas competencias.

2.- A FGT ten personalidade xurídica, plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e xurisdicción nos asuntos da súa competencia.

3. - Posúe patrimonio propio e carece de ánimo de lucro .

4. -A FGT está afiliada á Federación Española de Taekwondo, da cal acepta os seus Estatutos e se obriga a cumprir, esto, dende logo, dentro do Ordenamento Xurídico Galego.

5. - A FGT non admite ningún tipo de discriminación, por ela ou polos seus membros, por razón de nacemento, raza, sexo, opinión ou calquera outras condicións persoais ou sociais.

6.- A FGT ten a súa sede na Coruña, e o seu domicilio social no Complexo Deportivo de Elviña, Rúa Glasgow, 13.

**Artigo 2. -**

1. - A FGT estará integrada polos seguintes estamentos: os clubs, os deportistas, os árbitros e xuíces, os adestradores e demais técnicos.

2.- Forman parte da organización federativa, os dirixentes e, en xeral, cantas persoas físicas ou xurídicas ou entidades que promovan, practiquen ou contribúan ó desenvolvemento do deporte do Taekwondo.

**Artigo 3.-**

O ámbito de actuación da FGT no desenvolvemento das competencias que lle son propias esténdense ó conxunto do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 4.-**

Correspóndelle á FGT como actividade propia, o goberno, administración, xestión, organización e regulamentación interna do Taekwondo e do Hapkido na Comunidade Autónoma de Galicia, así como aplica-la regulamentación nacional vixente. Na súa virtude, é propio dela:

a) Exerce-la potestade de ordenanza.

b) Coordina-las competicións oficiais de ámbito rexional, nacional ou internacional que se celebren dentro do seu territorio, de conformidade co artigo 4º da Orde das Federacións Galegas.

c) Ostenta-la representación da FGT en Galicia, así como nas actividades e competicións de carácter nacional e internacional celebradas dentro e fora do territorio de Galicia. A tal efecto, é competencia da FGT a selección dos deportistas que vaian integra-los distintos equipos autonómicos.

d) Formar, titular e cualificar os árbitros e adestradores no ámbito das súas competencias.

Certifica-los graos inferiores a cinto negro asinados previo exame organizado polos clubs e profesores homologados pola FET.

e) Velar polo cumprimento das disposicións polas que se rexe.

f) Tutelar, controlar e supervisar os seus asociados.

g) Promover e organizar as actividades deportivas dirixidas ó público.

h) Contratar ó persoal necesario para o cumprimento das súas funcións e a prestación do seus servizos.

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

i) En xeral, cantas actividades non se opoñan, menoscaben ou destrúan o seu obxecto social.

#### **Artigo 5.-**

1. - Ademais das previstas no artigo anterior como actividades propias da FGT, esta exerce baixo a coordinación e tutela da Dirección Xeral para o Deporte, as seguintes funcións públicas de carácter administrativo:

a) Cualificar e organizar, no seu caso, as actividades e competicións oficiais de ámbito autonómico, e as nacionais e internacionais de carácter amigable que se celebren dentro do seu territorio.

A estes efectos, a organización de tales competicións entendese referida á regulación do marco xeral das mesmas, segundo se estableza na normativa federativa correspondente.

b) Actuar, en coordinación eos clubs, para a promoción xeral do Taekwondo e do Hapkido en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

c) Colaborar coa Administración do Estado, Autonómica e a da FET na formación de técnicos deportivos.

d) Colaborar coa Administración da Comunidade Autónoma na prevención, control e representación do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e métodos non regulamentarios no deporte.

e) Organizar ou tutela-las competicións de carácter autonómico, interautonómico ou internacional que se celebren dentro do territorio da súa competencia.

f) Exerce-la potestade disciplinaria deportiva nos termos establecidos nas leis do Estado e da Comunidade Autónoma, as súas específicas disposicións de desenvolvemento, os presentes Estatutos e demais disposicións regulamentarias.

g) Exerce-lo control das subvencións que se asignen as asociacións, entidades deportivas e deportistas nas condicións que fixe a Dirección Xeral para o Deporte,

h) Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

2. - Os actos realizados pola FGT no exercicio das funcións a que se refire o apartado precedente poderán ser recorridos diante da Dirección Xeral para o Deporte, e as resolucións esgotarán a vía administrativa.

#### **Artigo 6.-**

A organización territorial da FGT poderá conformarse en delegacións provinciais.

## **TÍTULO II**

### **DOS CLUBES**

#### **Artigo 7.-**

1.- Son clubs deportivos, as asociacións privadas, integradas por persoas físicas ou xurídicas, que teñan por obxecto a promoción do Tachando, a práctica do mesmo polos seus asociados, así como a participación en actividades e competicións deportivas.

2. - Os clubs terán que estar inscritos no Rexistro de Clubs, Entidades e Asociacións Deportivas da Xunta e no Rexistro de Clubs da FGT.

3. - O recoñecemento a tódolos efectos dun club terase que acreditar mediante a certificación da inscrición a que se refire o apartado anterior.

4.- Para participar en competicións de carácter oficial, os clubs teranse que inscribir previamente na FGT e cumpri-las normas estatutarias e regulamentarias que proceda.

5. - Os clubs terán que ter o domicilio social e desenvolver a súa actividade nel, dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. - Para participar en competicións e actividades de carácter amigable con outros clubs do seu territorio, e se a actividade é de ámbito interterritorial terán que informar á FGT, entregando unha memoria da actividade na que consten os participantes e os resultados.

Non poderán participar en actividades de carácter deportivo organizado ou nos que concorran persoas ou entidades non afiliados á FGT á FET, á ETU e á WTF.

**Federación Galega de Taekwondo**  
**Estatutos**

7. - Os clubs afiliados á FGT están obrigados a acatar os acordos dos órganos da mesma, sen prexuízo de recorrer as instancias federativas e deportivas competentes e, se non se visen satisfeitos nos seus dereitos, ante a xurisdicción competente .

**TÍTULO III**  
**DOS DEPORTISTAS**

**Artigo 8 . -**

Os deportistas de Taekwondo terán o carácter de afeccionados respectando as normas e condicións da Carta Olímpica.

**Artigo 9 . -**

1.- Para que os deportistas de Taekwondo e Hapkido poidan participar en actividades ou competicións organizadas pola FGT terán que ter a correspondente licencia federativa, expedida segundo os seguintes requisitos:

- a) Uniformidade de condicións económicas en cada unha das categorías, das cales a contía será fixada pola Asemblea Xeral.
- b) A uniformidade do contido e datos expresados en función das distintas categorías deportivas.
- c) Estar asegurados no caso de accidentes deportivos cumprindo as condicións establecidas no artigo 59.2 da Lei do Deporte do Estado e Real Decreto 849/1993, de 4 de xuño, polo que se determinan as prestacións mínimas do Seguro Obrigatorio Deportivo.
- d) Pertencer a un club afiliado á FGT, e ó corrente das súas obrigas coa mesma.

Os deportistas con licencia federativa non poderán participar en actividades de carácter deportivo organizado, ou nos que concorran persoas ou estamentos non afiliados á FGT, á FET, á ETU e á WTF.

2 . - A FGT enviará á FET a relación de licencias expedidas na Comunidade de Galicia, segundo determina a Lei 10/1990, de 15 de outubro, do deporte, para que os seus deportistas gocen dos dereitos inherentes a súa condición de afiliados á FET.

3. - Tódolos membros federados da FGT teñen dereito a recibila tutela da mesma con respecto os seus intereses deportivos lexítimos, así como o de participar nas súas actividades e órganos, dacordo cos presentes Estatutos, e os regulamentos e normas da FGT.

Todos estes membros da FGT teñen, a súa vez o deber de acatar os acordos dos seus órganos, sen prexuízo de recorrer ante as instancias deportivas competentes e, no seu caso, ante a xurisdicción competente, cando consideren que non foron satisfeitos os seus dereitos.

**TÍTULO IV**  
**ÓRGANOS TÉCNICOS**

**Artigo 10.-**

1. - Para o mellor funcionamento da FGT crearanse os comités técnicos que se consideren necesarios, que normalmente estarán presididos por un Vicepresidente ou un membro da Xunta de Goberno que designe o Presidente da FGT, actuando por delegación do mesmo.

2. - Nos regulamentos federativos terase que amosar o funcionamento e as competencias destes comités.

**Artigo 11.-**

A composición, elección e renovación dos membros de ditos comités é competencia do Presidente da FGT.

**Federación Galega de Taekwondo**  
**Estatutos**

**TÍTULO V**

**DOS ÓRGANOS DA FGT**  
**CAPÍTULO I**  
**DISPOSICIÓN XERAIS**

**Artigo 12. -**

Son órganos da FGT:

a) De gobernó e representación:

1.- A Asemblea Xeral e a súa Comisión Delegada.

2.- O Presidente.

b) Complementarios:

1.- A Xunta Directiva.

2.- A Comisión Permanente.

3.- O Secretario Xeral.

4.- O Tesoureiro.

c) De carácter técnico:

1.- Comisión de Arbitraxe.

2.- Comisión de Recompensas.

d) De xustiza federativa:

1. - As Comisións de Campionatos.

2. - O Comité de Competición.

3.- O Comité de Apelación.

**Artigo 13. -**

Son requisitos para ser membro da FGT:

1.- Ter a condición política de galego, segundo o disposto no artigo 3 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.

2.- Ser maior de idade.

3.- Estar no pleno uso dos dereitos civís .

4.- Non ter incorrido en ningunha sanción deportiva que o inhabilite.

**Artigo 14.-**

1.- Tódolos membros dos órganos colexiados federativos que formen parte deles por elección, desempeñarán o seu mandato por tempo de catro anos, coincidentes cos anos da Olimpíada de Inverno e poderán, en todo caso, ser reelixidos, coa excepción do presidente, que ostentará, como máximo, o seu mandato durante un período de 8 anos ou dous ciclos olímpicos consecutivos. En caso de non presentarse ningún outro candidato, transcorridos os dous ciclos olímpicos de inverno, poderá renovarse a presidencia por un período máximo de 4 anos.

2.- No caso de que, por calquera circunstancia, non consumaran aquel período de mandato, os que ocupen as vacantes exercerán o cargo por tempo igual ó que lle restase por cumprir os substituídos, os cales non poderán presentarse a unha nova elección ata que transcorra o período olímpico para o que foron elixidos.

**Artigo 15.-**

1.- Son dereitos dos membros da organización federativa:

a) Tomar parte nas deliberacións, expresando libremente as súas opinións en cantas cuestións sexan obxecto de tratamento e debate no seo do órgano do que sexan membros e exerce-lo seu dereito ó voto, facendo constar, no seu caso, se o desexan, o particular razoado que emitan.

b) Intervir ñas tarefas federativas propias do cargo ou función que ostenten, cooperando na xestión que compete ó órgano que pertencen.

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

- c) Coñece-lo contido das actas das sesións do órgano do que formen parte.
  - d) Os demais que reglamentariamente se establezan.
- 2.- 2.- As súas obrigas, tamén básicas:
- a) Concorrer cando sexan formalmente citados, as reunións, agás que o impidan razóns de forza maior.
  - b) Desempeñar, na medida do posible, as misións que lles encomenden.
  - c) Colaborar lealmente na xestión federativa gardando o segredo sobre as deliberacións.
  - d) As demais que se determinen por vía regulamentaria.

#### **Artigo 16.-**

1.- Independentemente das responsabilidades penais, civís e administrativas que de forma xeral consagra o ordenamento español e autonómico, os membros dos diferentes órganos da FGT son responsables, especificamente, dos actos, resolucións ou acordos adoptados por aquel do que forma parte, ca excepción que establece o artigo 16.3 des te ordenamento.

2.- Sono, asemade, nos termos previstos na Lexislación Deportiva Xeral, nos presentes Estatutos e nos seus Regulamentos, polo incumprimento dos acordos calquera órganos federativos, normas xerais ou comisión das faltas previstas no réxime disciplinario federativo.

3.- Os votos contrarios os acordos dos órganos colexiados ou as abstencións motivadas, eximirán das responsabilidades que puideran derivarse da súa adopción.

#### **Artigo 17.-**

1.-Os membros dos órganos da FGT cesarán polas seguintes causas:

- a) Expiración do periodo de mandato.
- b) Remoción, nos supostos que proceda, por non tratarse de cargos electivos.
- c) Demisión.
- d) Incapacidade que lle impida o desempeño do cargo.
- e) Incorrer nalgunha das causas de inelixibilidade que enumera o artigo 13 dos presentes Estatutos.
- f) Incompatibilidade sobrevida, das establecidas legal ou estatutariamente.

2. - Tratándose do Presidente da FGT serao tamén o voto de censura.

Serán requisitos para elo:

- a) Que a formule un tercio dos membros da Asemblea Xeral, formalizando individual ou colectivamente por cada un dos proponentes mediante escrito motivado e asinado, co que se axuntará copia do documento nacional de identidade. Terá que ser constructiva, presentando un candidato alternativo, que asumirá a presidencia, se prosperara a moción, polo tempo que quede por cumprir do mandato anterior.
- b) Recibida a moción de censura polo Presidente da FGT, se reúne as condicións regulamentarias especificadas no punto a) convocará a Asemblea Xeral Extraordinaria, no prazo de dez días naturais. Dita Asemblea celebrarase nun prazo máximo de vinte días naturais desde a convocatoria.

Esta Asemblea será presidida por unha Mesa composta polo membro de mais idade dos estamentos de clubes, de deportistas masculinos, deportistas femininas, de arbitros e de técnicos, sendo presidida polo membro de maior idade e actuando como Secretario o de menor idade dos componentes, asistidos todos eles polos servicios administrativos e xurídicos da FGT.

Se transcorridos os prazos citados o Presidente da FGT non convocase Asemblea Xeral Extraordinaria, esta poderá ser convocada pola Dirección Xeral para o Deporte.

- c) Que se aprobe por maioría absoluta dos membros de pleno dereito que integran a Asemblea Xeral, sen que, en ningún caso, se admita o voto por correo.

**Federación Galega de Taekwondo**  
**Estatutos**

d) Non se poderá presentar outra moción de censura ata que vaia transcorrido un ano da anterior.

e) Procederáse á votación da moción mediante voto secreto e persoal, non admitindo en ningún caso o voto por correo nin por delegación.

C.1.- Vacantes.- As vacantes que se produzan tanto na Asemblea Xeral como na Comisión Delegada serán cubertas polo seguinte candidato máis votado.

C.2.- Cese da condición de membro da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada.- O cambio ou modificación da situación federativa que experimenten os membros electos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, tal como baixa de licencia federativa ou no estamento que foi elixido, etc., que implique a alteración das condicións e requisitos elixidos para a súa elección, terán como efecto o cesamento da condición de membro da Asemblea Xeral ou da Comisión Delegada.

**CAPITULO II**  
**DOS ÓRGANOS TÉCNICOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN**  
**SECCIÓN 1ª DA ASEMBLEA XERAL**

**Artigo 18.-**

1. - A Asemblea Xeral é o órgano superior de representación da FGT.

2. - Estará composta polos representantes dos seguintes estamentos:

a) Deportistas masculinos

b) Deportistas femininas

c) Entidades deportivas inscritas na Federación e no Rexistro de Clubes, Entidades e Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia.

d) Xuices e arbitros.

e) Técnicos.

**Artigo 19.-**

1. - Na Asemblea Xeral terán a consideración de electores e elixibles en representación dos estamentos recollidos no artigo anterior:

a) Os deportistas, maiores de idade e en pleno exercicio dos seus dereitos civís, que teñan licencia en vigor, expedida ata o momento da convocatoria de eleccións e que xa a tiveran durante a tempada deportiva anterior, sempre que participarán en competicións ou actividades de carácter oficial no ano en curso e no anterior.

b) As entidades deportivas inscritas na FGT e no rexistro de asociacións deportivas da Xunta de Galicia, nas mesmas circunstancias que as sinalada no apartado anterior, e que estean ó corrente das súas obrigas federativas.

c) Os técnicos con titulación oficialmente recoñecida, xuices e arbitros, así mesmo en idénticas circunstancias as sinaladas no preitado párrafo a).

2. - Os membros da Asemblea Xeral formarán parte déla mentres cumpran os requisitos polos que foron elixidos no seus respectivos estamentos. Se se produce unha vacante será cuberta co seguinte candidato mais votado.

**Artigo 20.-**

1. - A representación na Asemblea Xeral dos distintos estamentos, de acordó co establecido no artigo 18 dos presentes Estatutos, responderá as seguintes proporcións:

a) Entidades deportivas inscritas na FGT, 60%

b) Deportistas masculinos, un 12,5%

c) Deportistas femininas, un 12,5%.

c) Técnicos, un 5%.

d) Xuices e arbitros, un 10%

2.- O número de membros da Asemblea Xeral quedará establecido en función do nº de entidades deportivas que formen parte da Asemblea Xeral (tódalas que cumpran cos

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

requisitos para ser elegibles e teñan un nº de licencias superior ó 1% do total da FGT no ano anterior á convocatoria de eleccións).

#### **Artigo 21.-**

1.-Correspóndelle a Asemblea Xeral, en reunión plenaria, con carácter necesario:

- a) A aprobación do presuposto Anual e a súa liquidación.
- b) A aprobación do calendario deportivo, e das bases ou regulamentos que rexerán a competición.
- c) A aprobación e modificación dos Regulamentos.
- d) A aprobación e modificación dos Estatutos.
- e) A elección e cesamento do Presidente.
- f) A elección, na forma que determina o artigo 23 dos presentes Estatutos, da súa Comisión Delegada.
- g) Resolve-las cuestións que lle someta a Xunta Directiva da FGT ou os propios asembleístas en número non inferior ó 25%.

2.- Poderán tratarse na Asemblea Xeral, cando concorran razóns de especial urxencia, asuntos ou propostas que presenten o Presidente ou a Xunta Directiva ata corenta e oito horas antes da data da sesión, sempre que dea o seu consentimento a maioría simple dos seus membros.

#### **Artigo 22.-**

1. - A convocatoria da Asemblea Xeral corresponderá ó Presidente da FGT e terá que efectuarse con unha antelación máxima de trinta días naturais, agás os supostos previstos nos presentes Estatutos.

2. - As reunións da Asemblea Xeral axustaranse ó seguinte réxime:

- a) A Asemblea Xeral reuniranse unha vez ó ano en sesión ordinaria para os fins da súa competencia e, como mínimo para a aprobación do novo presuposto e liquidación do anterior, aprobación do calendario deportivo, e das bases ou regulamentos que rexeran a competición, e para a aprobación da memoria de actividades anuais.
- b) As demais reunións terán carácter extraordinario, e convocaraas o Presidente, ou a proposta dun número de membros da Asemblea non inferior ó 25%.

Presentada a solicitude de convocatoria por un número de membros suficiente, o Presidente terá que convócala necesariamente nun prazo de 10 días. Ata a data de celebración da Asemblea non poderán transcorrer mais de vinte días naturais.

c) A convocatoria, que terá que conter o orde do día da reunión, farase pública no taboleiro de anuncios da FGT, na páxina web da FGT e nas delegacións territoriais, se as houbera, con dez días de antelación á data de celebración. En todo caso, terá que notificarse individualmente a cada un dos membros da Asemblea, por calquera medio que permita ter constancia da data de recepción da mesma, con unha antelación mínima de corenta e oito horas.

d) A Asemblea Xeral quedará validamente constituída cando concorran en primeira convocatoria a metade máis un dos membros e en segunda convocatoria, que terá lugar media hora mais tarde, calquera que sexa o número de asistentes.

e) O voto será persoal, non se admitirá a delegación de voto, salvo o correspondente os clubs deportivos, que poderá exercitalo o seu Presidente ou a persoa na que el delegue, sempre que non sexa membro da Asemblea da FGT, dacordo cos seus propios Estatutos con carácter expreso e escrito para cada reunión. Ninguén poderá ostentar mais dunha delegación de voto.

3. - Os seus membros elixiranse cada catro anos, coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno por sufraxio libre, igual, directo e secreto, polos componentes de cada estamento, dacordó coa proporción que se estableza nos presentes Estatutos.

4.- A asemblea Xeral poderase reunir en Pleno ou en Comisión Delegada.

**Federación Galega de Taekwondo**  
**Estatutos**

**SECCIÓN 2ª . DA COMISIÓN DELEGADA DA ASEMBLEA XERAL**

**Artigo 23. -**

1. - A Comisión Delegada será elixida pola Asemblea Xeral mediante sufraxio entre os membros da mesma. O seu mandato coincidirá co daquela.
2. - O número de membros da Comisión Delegada será, como mínimo do 15% dos da Asemblea Xeral. Este número non poderá ser superior a quince.
- 3.- Se se producirá algunha vacante, cubrirase co seguinte candidato mais votado.
- 4.- O Presidente da FGT convocará á Comisión Delegada que se reunirá, como mínimo, cada catro meses, para os fins da súa competencia e, ó menos, para realiza-lo seguimento da xestión federativa e económica da FGT.
- 5.- O número de componentes da Comisión Delegada será:
  - a) Polo estamento de clubes, dous.
  - b) Polo estamento de deportistas masculinos, un.
  - c) Polo estamento de deportistas femininas, un
  - c) Polo estamento de arbitros, un.
  - d) Polo estamento de técnicos, un.

**Artigo 24.-**

- 1.- Correspondelle á Comisión Delegada da Asemblea Xeral.
  - a) A modificación do calendario deportivo e de actividades.
  - b) A modificación dos Orzamentos.
  - c) A aprobación e modificación dos regulamentos.
2. - As eventuais modificacións a que fan referencia os tres apartados anteriores non poderán exceder dos límites e criterios que a Asemblea Xeral estableza, e a proposta sobre a mesma corresponderalle exclusivamente o Presidente da FGT ou a dous tercios dos membros da Comisión Delegada.
- 3.- Compete tamén á Comisión:
  - a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos presupostos.
  - b) O seguimento da xestión deportiva e económica da FGT.
  - c) Calquera cuestión que especificamente lle delegue a Asemblea Xeral.

**SECCIÓN 3ª. DO PRESIDENTE**

**Artículo 25.-**

- 1.- O Presidente é o órgano executivo da FGT. Ostenta a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación, e executa os acordos dos mesmos. Ten ademais o dereito a asistir a cantas sesións celebren calquera órganos e comisións federativas.
- 2.- Será elixido cada catro anos, coincidindo eos Xogos Olímpicos de Inverno, por sufraxio libre, igual, directo e secreto, polos membros da Asemblea Xeral, e o número de mandatos que pode ter será de dous, excepto que non se presente ningún outro candidato, caso non que poderá prorrogar o seu mandato durante un novo período de 4 anos.
- 3.- Os candidatos, membros da Asemblea Xeral, avalarán a presentación da súa candidatura, mediante a sinatura de, ó menos o 10% dos membros da Asemblea.
- 4.- Será elixido Presidente o candidato que obtela a maioría absoluta dos votos emitidos. No caso de que ningún a alcance, procederase a unha segunda votación entre os dous candidatos mais votados, resultando elixido o que obteña a maioría de votos. Para a súa elección non será válido o voto por correo.
- 5.- O Presidente gozará de voto de calidade, no caso de empate, naquelas decisións a adoptar polos órganos que preside.

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

6.- Mentres desempeñe o seu mandato, o Presidente non poderá exercer cargo algún, técnico ou directivo, en entidade, asociación ou club suxeito á disciplina federativa, no ámbito territorial da FGT.

7. - Para poder ser candidato a Presidente ou membro da Xunta Directiva da FGT, terá que cumprir os requisitos enumerados no artigo 13 dos presentes Estatutos.

8.- No suposto de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa que impida transitoriamente desempeñar as súas funcións, o Presidente terá que substituílo o Vicepresidente que designe. No defecto deles polo Secretario Xeral e, en última instancia, un membro da Xunta Directiva nomeado polo Presidente.

9.- Cando o Presidente cese no cargo por terse cumprido o tempo do seu mandato, a Xunta Directiva constituírase en Comisión Xestora e convocará eleccións os órganos de goberno e representación da FGT, de conformidade co previsto no Regulamento Electoral.

10.- Se o Presidente cesara por calquera outra causa, o proceso limitarase exclusivamente á elección de quen teña que substituílo, que ocupará o cargo por tempo igual ó que lle reste por cumprir ó substituído.

O prazo de presentación de candidaturas e a celebración da Asemblea Xeral, terá que ter lugar nun prazo non superior a trinta días, e axustaranse, ó regulamento de eleccións no período olímpico de que se trate.

#### **SECCIÓN 4ª. DA XUNTA DIRECTIVA**

##### **Artigo 26.-**

1.- A Xunta Directiva é o órgano colexiado, complementario dos de goberno e representación, que asiste ó Presidente a quen compete a xestión da FGT.

2.- Estará composta por un número de membros non inferior a cinco nin superior a quince, todos eles nomeados polo Presidente, a quen corresponde tamén a súa remoción.

3.- Son competencia da Xunta Directiva:

a) Controla-lo desenvolvemento e bo fin das competicións do ámbito autonómico, interautonómico e internacional, nos casos que lle corresponda.

b) Prepara-los relatorios e documentos que sirvan de base á Asemblea Xeral, para que a mesma exerza as funcións que lle correspondan.

c) Prepara-los relatorios e documentos que sirvan de base á Comisión Delegada, para que a mesma exerza as funcións que lle correspondan.

d) Colaborar co Presidente na dirección económica, administrativa e deportiva da FGT, e na execución dos acordos dos demais órganos colexiados de goberno e representación da mesma.

e) A aprobación dos acordos da Comisións Autonómicas.

4. - Os membros da Xunta Directiva cooperarán por igual na xestión que lle compete, e responderán de ela ante o propio presidente.

5. - Os membros da Xunta Directiva non poderán desempeñar cargo algún noutra federación deportiva galega.

6. - Os membros da Xunta Directiva que non o foran, ó propio tempo, da Asemblea Xeral terán dereito a asistir as sesións desta, con voz pero sen voto.

7. - A Xunta Directiva reunirse xeralmente unha vez cada catro meses, ou cando o decida o Presidente, a quen lle corresponderá, en todo caso, a súa convocatoria, así como a determinación dos asuntos do orde do día de cada sesión. O prazo mínimo de convocatoria será de corenta e oito horas.

Os acordos tomaranse por maioría, dirimindo os eventuais empates o voto de calidade do Presidente.

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

8. - Os membros da Xunta Directiva son especificamente responsables dos actos, resolucions ou acordos adoptados, diante a Asemblea Xeral.

#### **Artigo 27.-**

Tódolos cargos son honoríficos e no caso extraordinario, cando se estableza unha compensación económica xustificada a favor dalgún dos membros da Xunta Directiva, ten que ser acordada expresamente pola Asemblea Xeral, e constar de maneira diferenciada no orzamento. En ningún caso, a compensación económica podera ser satisfeita con cargo as subvencións públicas que reciba a federación.

### **SECCIÓN 5ª. DA COMISIÓN PERMANENTE**

#### **Artigo 28.-**

1. - A Comisión Permanente é un órgano de asesoramento e coordinación para a promoción xeral do Taekwondo e o Hapkido na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Coñecerá e informará sobre a actividade federativa en todos-los seus aspectos.

3.- Coñecerá e resolverá sobre calquera asunto de carácter urxente que xurda, e dará conta da resolución para a súa «este aprobación na próxima reunión da Xunta Directiva, Comisión Delegada e Asemblea Xeral.

4.- A Comisión estará integrada polos Vicepresidentes, se os houbera, o Secretario Xeral, e dos membros da Xunta Directiva nomeados polo Presidente da FGT, quen ostentará a presidencia da mesma.

5.- Cando se trate dun tema específico poderá asistir a mesma, para informar, o responsable do área correspondente.

6.- A Comisión Permanente poderá ser convocada polo Presidente cando o estime necesario.

### **SECCIÓN 6ª. DO SECRETARIO**

#### **Artigo 29.-**

1.- O Secretario da FGT, nomeado polo Presidente e directamente dependendo do mesmo, teñen o seu cargo a organización administrativa da FGT, e correspóndelle especificamente as seguintes funcións:

a) Levantar actas das sesións da Asemblea Xeral, da súa Comisión Delegada, da Xunta Directiva e da Comisión Permanente, actuando como Secretario de ditos órganos, con indicación dos asistentes, temas tratados, o resultado das votacións e, no seu caso, os votos contrarios ó acordó adoptado.

Estes, ou as abstencións motivadas, eximirán das responsabilidades que puideran derivarse, no seu caso, dos acordos dos órganos colexiados.

b) Expedi-las certificacións oportunas dos actos emanados dos citados órganos co visto bo do Presidente.

c) Remitir á Dirección Xeral para o Deporte as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no prazo de quince días desde a data da súa celebración.

d) Informar ó Presidente e á Xunta Directiva dos casos no que fose requirido para elo.

e) Resolve-los asuntos de trámite.

f) Exerce-la xefatura de persoal da FGT.

g) Asina-las comunicacións e circulares.

h) Cantas funcións lle encomenden os Estatutos e Regulamentos da FGT, ou lle sexan delegadas polo Presidente.

2.- O nomeamento da Secretario Xeral será facultativo para o Presidente da FGT quen, se non efectuara tal designación, será o responsable das funcións propias daquel, podendo delegar nas persoas que considere oportunas.

#### **Artigo 30.-**

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

- 1.- O Presidente da FGT, se o considera necesario, poderá nomear un asesor xurídico que dependerá directa e exclusivamente del, e actuará como Conselleiro do Presidente, así como dos órganos que conforman a estrutura federativa.
- 2.- Se existirá tal asesor xurídico, asistirá as reunións da Asemblea Xeral, Comisión Delegada, e da Xunta Directiva e de calquera outra comisión que se estime necesaria.
- 3.- Desempeñará, no seu caso, a Secretaría dos órganos de primeira instancia de xustiza federativa.
4. - Os asesores que perciban remuneración económica terán que ser aprobados pola Asemblea Xeral.

### **SECCIÓN 7ª. DO TESOUREIRO**

#### **Artigo 31.-**

1. - O Tesoureiro da FGT é o órgano de administración económica da mesma.
- 2.- Exercerá como funcións propias:
  - a) Leva-la contabilidade das Federacións.
  - b) Exerce-la inspección económica de todos os órganos da FGT.
  - c) Elaborar e presenta-los informes do estado contable da FGT á Comisión Delegada.
  - d) Calquera outra función que lle encomenden os Estatutos e Regulamentos da FGT.

#### **Artigo 32 . -**

No caso de que non exista Tesoureiro, o Presidente será o responsable do desempeño das súas funcións, podendo delegalas na persoa que considere oportuno.

## **CAPITULO III**

### **DOS ÓRGANOS TÉCNICOS**

#### **SECCIÓN 1ª. COMISIÓN DE ARBITRAXE**

#### **Artigo 33.-**

- 1 . - A Comisión de Arbitraxe Colexio Galego de Arbitros e Xuices atende directamente ó funcionamento do colectivo de arbitros e xuices, e correspóndenlle as funcións atribuídas a eles en campionatos, cursos e seminarios de actualización.
- 2 . - A presidencia da Comisión de Arbitraxe recaerá en quen designe o Presidente da FGT.
- 3 . - A Comisión de Arbitraxe desenvolverá as funcións seguintes:
  - a) Establece-los niveis de formación arbitral.
  - b) Clasificar técnicamente os xuices ou arbitros, propoñendo á Xunta Directiva a adscripción as categorías correspondentes. Estas clasificacións comunicaranse á Asemblea Xeral.
  - c) Proponer os candidatos a xuices ou arbitros nacionais.
  - d) Proponer os arbitros que representarán a Galicia nos Campionatos de España.
  - e) Proponer á Comisión Nacional de Arbitros os seus candidatos á categoría de Arbitro Internacional.
  - f) Coordinar coa FGT os cursos das categorías de arbitraxe de ámbito estatal.
  - g) Designar os colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
  - h) Proponer á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan o arbitraxe, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
  - i) Programa- los cursos de Arbitros e Xuices.
  - j) Calquera outras delegadas pola FGT.
- 4 . - As propostas da Comisión de Arbitraxe terán que elevarse ó Presidente da FGT para a súa aprobación definitiva, se lle correspondese e, no que non lle corresponda, proporoa ó órgano competente.

#### **SECCIÓN 2'. COMISIÓN DE RECOMPENSAS**

#### **Artigo 34 . -**

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

A Comisión Territorial de Recompensas terá que rexerse polo seu regulamento, e estará composta por un director que nomeará o Presidente da FGT e un representante por cada un dos seguintes estamentos: deportistas masculinos, deportistas femininos, técnicos, árbitros e clubs, nomeados tamén polo Presidente da FGT e aprobados pola Comisión Permanente. Sen prexuízo da facultade que conserva o Presidente da FGT e a súa Asemblea Xeral de conceder recompensas libre e excepcionalmente, cando concorran circunstancias especiais que, debidamente ponderadas, así o aconsellen.

Terá esta Comisión as facultades seguintes:

- a) Regulamentar as distintas recompensas que concedan.
- b) Determina-las condicións para a concesión de recompensas .

#### **Artigo 35.-**

As competencias que se determinan nos apartados anteriores e as propostas que formule dita Comisión terán que ser ratificadas pola Comisión Permanente, e darase coñecemento á Comisión Delegada e á Asemblea na súa próxima reunión.

## **TÍTULO VI**

### **DO REXIME ECONÓMICO**

#### **Artigo 36.-**

A FGT ten o seu propio réxime de administración e xestión de orzamentos e patrimonio, aplicándolle, en todo s seguintes regras:

- a) Pode promover e organizar actividades e competicións deportivas dirixidas ó público, tendo que aplica-los beneficios económicos, se os houbera, ó desenvolvemento do seu obxecto social.
- b) Pode gravar e aliena-los seus bens inmoables, tomar cartos a préstamo e emitir títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, sempre que ditos negocios xurídicos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da FGT ou do seu obxecto social. En todo caso, cando a súa contía sobrepasa o 25% do presuposto anual da FGT, ademáis do acordó da Asemblea Xeral, será imprescindible un informe favorable da Dirección Xeral para o Deporte.

Cando se trate de bens inmoables que foron financiados, en todo e en parte, con fondos públicos da Comunidade Autónoma Galega, será preceptiva a autorización da Secretaría Xeral para o Deporte para o seu grávame ou alienación.

- c) Pode exercer, complementariamente, actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servizos, e destinar os seus bens e recursos os mestnos obxectivos deportivos, pero en ningún caso poderá repartir beneficios entre os seus membros.
- d) Non poderá comprometer gastos de carácter plurianual no seu período de mandato, sen autorización previa da Secretaría Xeral para o Deporte, cando o gasto anual comprometido supere o 10% do seu presuposto ou rebase o período de mandato do Presidente.

#### **Artigo 37.-**

A FGT elaborará unha memoria na que se incluírá a liquidación do orzamento, que analizará fielmente a actividade económica da Entidade, a súa adecuada actuación presupostaria, o cumprimento dos obxectivos e os proxectos a desenvolver, e informar separadamente, como mínimo, dos seguintes aspectos:

1.- Distinción dos ingresos e aportacións segundo:

- a) Subvencións públicas.
- b) Subvencións, donativos ou aportacións privadas.
- c) Ventas de activos.
- d) Ingresos procedentes de competicións organizadas.
- e) Ingresos por servizos prestados pola FGT, permisos, licencias, kups e outros.

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

- f) Ingresos financeiros.
  - h) Galguera outro ingreso que legalmente se autorice.
- 2.- Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, distinguindo como mínimo os grupos de custo e inversións seguintes:
- a) Administración da FGT.
  - b) Dirección e servicios da Directiva, incluíndo viaxes.
  - c) Competicións.
  - d) Axudas os clubs e outras entidades.
  - e) Axudas para actos deportivos.
  - f) Construcións e outros inmovilizados.
  - g) Formación de deportistas e técnicos.
  - h) Tecnificación e deporte de alto nivel.
  - i) Arbitros e Xuíces.
  - j) Órganos xurisdiccionais.
3. -
- a) O importe das obrigacións de pago que é necesario satisfacer noutros exercicios, que non estean previstos no balance.
  - b) O importe das garantías e os avais comprometidos.
- 4.- A liquidación do orzamento que explique as variacións en relación co aprobado na asemblea anterior.

#### **Artigo 38.-**

A requirimento da Dirección Xeral para o Deporte, nas condicións que esta determine, a FGT terá que someterse á inspección do seu réxime documental establecido no artigo 7.-j) da Orde do 28 de xuño de 1995, que desenvolve o Decreto 228/1994, de 14 de xullo, así como as auditorías financeiras sobre a totalidade dos seus gastos.

#### **Artigo 39.-**

As contas anuais e os orzamentos estarán no domicilio social da FGT cunha antelación mínima de quince días á celebración da Asemblea, a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto, no horario establecido pola FGT, as cales poderán pedir copia que se lles entregará antes da celebración da Asemblea .

#### **Artigo 40.-**

No caso de disolución da FGT, o seu patrimonio neto, se o houbera, aplicarase á realización de actividades análogas, determinando a Dirección Xeral para o Deporte o seu destino concreto.

## **TÍTULO VII**

### **DO RÉXIME DISCIPLINARIO**

#### **SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN XERAIS E ORGANIZACIÓN DISCIPLINARIA**

##### **Artigo 41. -**

1.- O ámbito da disciplina federativa estendese as infraccións das regras de competición e as normas xerais deportivas, tipificadas na Lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte, Real Decreto 1591/1992, de 23 de decembro, sobre Disciplina Deportiva, a Orde do 28 de xullo de 1995, que desenvolve o Decreto 228/1994, de 14 de xullo, sobre as Federacións Deportivas Galegas e polo Regulamento federativo aprobado conforme as mesmas.

2. - Son infraccións as regras de competición as accións ou omisións que, durante o desenvolvemento daquela, vulneren, impidan ou perturben o seu normal funcionamento.

3. - Son infraccións as normas xerais deportivas as demais accións ou omisións que sexan contrarias ó que as mesmas determinan, obrigan ou prohiben.

##### **Artigo 42.-**

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

A disciplina deportiva rexese pola Lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte, pola Lei Galega do Deporte, polo Real Decreto que aproba o regulamento daquela materia, polos presentes Estatutos e pola regulamentación deportiva que os desenvolve.

#### **Artigo 43.-**

A FGT exerce a potestade disciplinaria sobre tódalas persoas que formen parte da súa propia estrutura orgánica, sobre os clubs e os seus deportistas, técnicos e directivos, sobre os árbitros e, en xeral, sobre todas aquelas persoas ou entidades que, estando adscritas á FGT, desenvolven funcións ou exercen cargos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega.

O exercicio da citada potestade disciplinaria deportiva, corresponderalle:

- a) En primeira instancia ó Comité de Competición.
- b) En segunda instancia ó Comité de Apelación, contra o que se poderá recorrer ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva.
- c) En cada campionato existirá unha Comisión, que resolverá das cuestións que poidan xurdir durante o mesmo, chamada Comisión de Campionato.

#### **Artigo 44.-**

Na determinación da responsabilidade derivada das infraccións deportivas, os órganos disciplinarios terán que aterse os principios informadores do dereito sancionador. A apreciación de circunstancias atenuantes ou agravantes obrigará, cando a natureza da posible sanción así o permita, á congruente graduación desta. Con independencia do anterior, para a determinación da sanción que resulte aplicable, os órganos disciplinarios pederán valorar o resto das circunstancias que concorran na falta, tales como as consecuencias da infracción, a natureza dos feitos ou a concorrencia no incumprimento de singulares responsabilidades no orde deportivo.

### **SECCIÓN 2ª. PRINCIPIOS DISCIPLINARIOS**

#### **Artigo 45.-**

Considerarase, en todo caso, como circunstancia agravante da responsabilidade disciplinaria deportiva, a reincidencia. Existirá esta, cando o autor fora sancionado anteriormente por calquera infracción á disciplina deportiva de igual ou maior gravidade, ou por dúas infraccións ou mais de inferior gravidade da que nese suposto se trate.

A reincidencia considerarase producida no transcurso dun ano, contado a partir do momento no que se cometeu a infracción.

#### **Artigo 46.-**

Consideraranse, en todo caso, circunstancias atenuantes da responsabilidade disciplinaria deportiva:

- a) A do arrepentimento espontáneo.
- b) A de preceder, inmediatamente antes da infracción, provocación suficiente.
- c) A de non ter sido sancionado con anterioridade no transcurso da súa vida deportiva.

#### **Artigo 47.-**

Consideraranse, en todo caso, como causa de extinción da responsabilidade disciplinaria deportiva:

- a) O falecemento do inculpado.
- b) A disolución do club ou asociación deportiva sancionada.
- c) O cumprimento da sanción.
- d) A prescripción das infraccións ou das sancións impostas.
- e) A perda da condición de deportista federado.

#### **Artigo 48.-**

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

Por uns mesmos feitos non poderá imponerse unha dobre sanción. Aplicaranse as sancións con efecto retroactivo cando estas resulten mais favorables, e non poderá sancionarse por infraccións non tipificadas con anterioridade ó momento da comisión das mesmas.

### **SECCIÓN 3ª. INFRACCIÓNS**

#### **Artigo 49.-**

Segunda súa gravidade, as infraccións deportivas clasificaranse en moi graves, graves e leves.

#### **Artigo 50.-**

Consideraranse como infraccións comúns moi graves as regras de competición ou as normas xerais deportivas:

- a) Os abusos de autoridade.
- b) Os quebrantamentos de sancións impostas. Este apreciarase en tódolos supostos nos que as sancións resulten executivas. O mesmo réxime aplicarase cando se trate do quebrantamento das medidas cautelares.
- c) As actuacións dirixidas a predeterminar mediante prezo, intimidación ou simples acordos o resultado dunha competición ou proba.
- d) Os comportamentos, actividades e xestos agresivos e antideportivos dos deportistas e adestradores, cando se dirixan os árbitros, xuíces e outros deportistas ou ó público cando revista unha especial gravidade.
- e) As declaracións públicas de directivos, técnicos, árbitros, xuíces ou deportistas que insten os equipos ou participantes á violencia.
- f) A falta de asistencia non xustificada as convocatorias das seleccións deportivas galegas. A estes efectos, a convocatoria enténdese referida tanto os adestramentos como á celebración efectiva da proba ou competición.
- g) A participación nas competicións organizadas por países que promovan a discriminación, ou sobre os que pesen sancións deportivas impostas por organismos internacionais ou con deportistas que representen os mesmos.  
Considerarase tamén falta moi grave a participación de deportistas e clubs en competicións e actividades organizadas por persoas ou entidades non afiliadas á FGT, á FET, á EUT e á WTF, ou que non estean recoñecidas por estas cando a organización ou participación nestes eventos supoña suplantación das funcións propias da FGT como entidade reguladora do Taekwondo e o Hapkido na Comunidade Autónoma de Galicia, ou a suplantación dos deportistas membros da Selección Galega ou Española de Taekwondo ou de Hapkido.
- h) Os actos notorios e públicos que atenten á dignidade ou decoro deportivo, cando revista especial gravidade. Así memo, considerarase falta moi grave a reincidencia e infraccións por feitos desta natureza.
- i) A participación indebida e as incoincidencias ou retirada inxustificada dos campionatos, probas ou competicións.
- j) A inexecución das resolucións do Comité Galego de Disciplina Deportiva e dos órganos xurisdiccionais da FGT.
- k) A promoción, incitación, consumo ou utilización de prácticas prohibidas a que se refire o artigo 56 da Lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte, así como a negativa a someterse os controles esixidos por órganos e persoas competentes, ou calquera acción ou omisión que impida ou perturbe a correcta realización de ditos controles.
- l) Os clubs que non teñan os seus deportistas debidamente federados e co seguro de accidente deportivo.
- ll) A duplicidade de licenza federativa.

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

m) Os profesores que asinen graos e non estean suficientemente titulados ou os seus alumnos non teñan a licenzia federativa debidamente actualizada.

#### **Artigo 51.-**

Ademais das infraccións comúns de carácter moi grave establecidas no artigo anterior, son tamén infraccións moi graves do Presidente da FGT e demais membros federativos da súa organización deportiva as seguintes:

a) O cumprimento inxustificado dos acordos da Asemblea Xeral, así como dos regulamentos electorais e demais disposicións estatutarias ou regulamentarias.

Os incumprimentos constitutivos de infracción serán aqueles que revistan gravidade ou teñan especial transcendencia.

b) A non convocatoria nos prazos ou condicións legais, de forma sistemática e reiterada dos órganos colexiados federativos.

c) A incorrecta utilización dos fondos privados e das subvencións, créditos, avais e demais axudas de organismos e administracións públicas.

A estes efectos, a apreciación da incorrecta utilización dos fondos públicos terá que rexerse polos criterios que, para o uso das axudas e subvencións públicas, contidas na lexislación específica da Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto os fondos privados, estará o carácter negligente ou doloso das conductas.

d) O compromiso de gastos de carácter plurianual do presuposto da FGT sen a previa e regulamentaria autorización da Asemblea Xeral e a Dirección Xeral para o Deporte.

#### **Artigo 52.-**

Considerase infracción moi grave da FGT a non expedición inxustificada dunha licenzia deportiva.

#### **Artigo 53.-**

Terán a consideración de infracción grave:

a) O incumprimento reiterado de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.

b) Os actos notorios e públicos que atenden á dignidade ou ó decoro deportivo.

c) O exercicio de actividades públicas ou privadas declaradas incompatibles coa actividade ou función deportiva desempeñada.

d) A non convocatoria inxustificada, nos prazos ou condicións legais, dos órganos colexiados deportivos.

e) O incumprimento das regras de administración e xestión do presuposto e patrimonio prevista na Orde do 28 de xullo de 1995, que desenvolve o Decreto 228/1994, de 14 de xullo, que regula a actividade das Federacións Deportivas Galegas.

f) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo, en contra das regras técnicas deportivas regulamentarias da FGT.

#### **Artigo 54.-**

Considérense infraccións de carácter leve, as conductas contrarias as normas deportivas que non estean incursas na cualificación de grave ou moi grave que se fai nos presentes Estatutos. En todo caso, consideraranse faltas leves:

a) As observacións formuladas os xuíces, árbitros, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas no exercicio das súas funcións, de maneira que signifiquen unha lixeira incorrección.

b) A lixeira incorrección co público, compañeiros e subordinados.

c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas dos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

d) O descoido na conservación e coidado dos locais sociais, instalacións deportivas e outros medios materiais.

**Federación Galega de Taekwondo**  
**Estatutos**

**SECCIÓN 4ª. SANCIONES**

**Artigo 55.-**

Á comisión das infraccións comúns moi graves, tipificadas no artigo 50, corresponderán as seguintes sancións:

- a) Multas, non inferiores a 50.000.- pesetas nin superiores a 500.000.- pesetas.
- b) Prohibición de acceso os lugares de desenvolvemento das probas e competicións por tempo non superior a cinco anos.
- c) Perda definitiva dos dereitos como deportistas federados.
- d) Inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva, ou suspensión ou privación da licenza federativa por un prazo de dous anos, en adecuada proporción á infracción cometida.
- e) Inhabilitación a perpetuidade para ocupar cargos na organización deportiva, ou privación da licenza deportiva taaén a perpetuidade.
- f) Descualificación da competición.

As sancións que se citan no apartado e), únicamente poderán acordarse de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extraordinaria gravidade.

**Artigo 56.-**

Pola comisión de infraccións moi graves tipificadas no artigo 50 dos presentes Estatutos poderán imporse as seguintes sancións:

1.- Amoestación pública. Corresponderalle a imposición desta sanción nos supostos seguintes:

- a) Pola comisión da infracción prevista no apartado a) do artigo 51.
- b) Pola comisión da infracción prevista no apartado c) do artigo 51, cando a incorrecta utilización non sobrepasa do 10% do total do presuposto anual da FGT.

2. - Inhabilitación temporal de dous meses a un ano. Corresponderalle a imposición da sanción nos supostos seguintes:

- a) Pola comisión da infracción prevista no apartado a) do artigo 51, cando o incumprimento se produza en supostos manifestamente moi graves, previo requirimento formal ó efecto, realizado polo órgano disciplinario deportivo competente.
- b) Pola comisión da infracción prevista no apartado b) do artigo 51.
- c) Pola comisión da infracción prevista no apartado c) do artigo 51, ben cando a incorrecta utilización sobrepasa o 10% do total do presuposto da FGT, ben cando concorresen o agravante de reincidencia.
- d) Pola comisión da infracción prevista no apartado d) do artigo 51.

3.- Destitución do cargo. Corresponderalle a imposición desta sanción nos supostos seguintes:

- a) Pola comisión da infracción prevista no apartado a) do artigo 51 co agravante de reincidencia, referida, neste caso, a unha mesma tempada.
- b) Pola comisión da infracción prevista no apartado c) do artigo 51, cando a incorrecta utilización non sobrepasa do 10% do total do presuposto anual da FGT, e ademáis, se aprecie o agravante de reincidencia.
- c) Pola comisión da infracción prevista no apartado d) do artigo 51, co agravante de reincidencia.

**Artigo 57.-**

As infraccións tipificadas no artigo 53 dos presentes Estatutos poderán ser sancionados das seguintes maneiras:

- a) Amoestación pública.
- b) Multa de 10.000.- pesetas a 50.000.- pesetas.
- c) Privación dos dereitos dun mes a dous anos.

**Federación Galega de Taekwondo**  
**Estatutos**

d) Inhabilitación para ocupar cargos, suspensión ou privación da licenza federativa de un mes a dous anos ou de catro ou mais campionatos oficiáis en unha mesma tempada.

**Artigo 58.-** pola comisión de infracción tipificados no artigo 54 distes Estatutos, poderá acordarse a imposición das seguintes sancións:

a) Apercibimento.

b) Imposición da prohibición de participar, como deportista, técnico ou árbitro, nas actividades da FGT durante un mes ou tres probas ou campionatos dentro da tempada.

c) Multa de ata 10.000.- pesetas.

d) Inhabilitación para ocupar cargos ou suspensión dun mes ata un ano ou de tres a seis campionatos ou probas dentro da tempada.

**SECCIÓN 5ª. DISPOSICIÓN XERAIS PARA A IMPOSICIÓN DE SANCIONS**

**Artigo 59.-**

Unicamente poderá imporse sancións persoais consistentes en multas, nos casos nos que os deportistas, técnicos, xuíces ou árbitros perciban retribución pola súa función.

Para unha mesma infracción, poderán imporse multas de modo simultáneo a outra sanción de distinta natureza, sempre que estea prevista para a categoría de infracción de que se trate e que, no seu conxunto, resulte congruente ca gravidade da mesma. O non pagar as sancións pecuniarias terá a consideración de quebrantamento de sanción.

**Artigo 60.-**

Con independencia das sancións que poidan corresponder, os órganos disciplinarios da FGT terán a facultade de alterar o resultado de probas ou competicións por causa de predeterminación, mediante prezo, intimidación ou simples acordos dos resultados das probas ou competicións, en supostos de participación indebida, e, en xeral, naqueles casos nos que con invasión da zona de competición, agresión colectiva e tumultuaria os árbitros, deportista ou adestradores, causen unha notoria alteración dos resultados da competición.

**SECCIÓN 6ª. PRESCRIPCIÓN E SUSPENSIÓN**

**Artigo 61.-**

As infraccións prescriben os tres anos, ó ano ou ó mes, segundo sexan moi graves, graves ou leves, comenzando a contar o prazo de prescripción ó día seguinte da comisión da infracción. O prazo de prescripción interromperase pola iniciación do procedemento sancionador, pero se este permanecese paralizado durante un mes, por causa non imputable á persoa ou entidade suxeita a dito procedemento, volverá a correr o prazo correspondente, interferindo de novo a prescripción ó principia-la tramitación do expediente.

**Artigo 62.-**

As sancións prescribirán os tres anos, ó ano ou ó mes segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves, comezando a contar o prazo de prescripción dende o día seguinte a aquel que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou dende que se quebrantase o seu cumprimento se este comenzara.

**Artigo 63.-**

A petición fundada e expresa da persoa ou entidade suxeita ó procedemento, os órganos disciplinarios deportivos da FGT, poderán suspender razoablemente a execución das sancións imposta mediante o procedemento ordinario, sen que a mera interposición de declaracións ou recursos que contra as mesmas corresponda, paralicen ou suspendan a execución das sancións.

**Artigo 64.-**

Para sancións impostas mediante o procedemento extraordinario (ou para as categorías delas), os órganos disciplinarios de la FGT, á vista das circunstancias concurrentes,

**Federación Galega de Taekwondo**  
**Estatutos**

poderán optar, ben pola suspensión razoada da sanción, a petición fundada de parte, ben pola suspensión automática pola mera interposición do correspondente recurso. A suspensión das sancións, sempre e en todo caso, terá carácter potestativo. En todo caso, para o outorgamento da suspensión da executividade dos actos recorridos, os órganos disciplinarios deportivos da FGT valorarán se o cumprimento da sanción pode producir prexuízos de difícil ou imposible reparación.

**SECCIÓN 7ª. PROCEDEMENTOS DISCIPLINARIOS**

**A) Xeneralidades**

**Artigo 65.-**

Como principio fundamental establécese que unicamente se poderán impor sancións en virtude de expediente instruído ó efecto con arranxo os procedementos regulados na presente sanción.

**Artigo 66.-**

Son condicións xerais ou mínimas dos procedementos disciplinarios deportivos:

- a) Os xuíces e arbitros exercen a potestade disciplinaria durante o desenvolvemento das competicións e probas, de forma inmediata, o que require o adecuado e posterior sistema de reclamación, que se determinará.
- b) En relación coas probas ou competicións deportivas das que a súa natureza requira a intervención inmediata dos órganos disciplinarios deportivos para garantir o normal desenvolvemento das mesmas, establécese as Comisións de Campionatos en tódalas competicións oficiáis.

**Artigo 67.-**

As actas suscritas polos arbitros ou xuíces da proba ou competición, constituirán medio documental necesario no conxunto da proba das infraccións as regras e normas deportivas. Igual natureza terán as aplicacións ou aclaracións as mesmas suscritas polos propios arbitros ou xuíces, ben de oficio ou a solicitude dos órganos disciplinarios deportivos competentes.

Non obstante, os feitos relevantes para o procedemento e a súa resolución poderán acreditarse por calquera medio de proba, con ese fin poderán os interesados propor que se practique calquera proba, ou aportar directamente cantas sexan de interese para a correcta resolución do expediente.

**Artigo 68.-**

Os órganos disciplinarios competentes, de oficio ou a instancia do instructor do expediente, terán que comunicar ó Ministerio Fiscal aquelas infraccións que puideran revestir caracteres de delicto ou falta penal. En tal caso, os órganos disciplinarios deportivos acordarán a supresión do procedemento, segundo as circunstancias concurrentes, ata que recaía a correspondente resolución xudicial.

No suposto de que se acordara a suspensión do procedemento, poderán adoptarse medidas cautelares, mediante providencia notificada a tódalas partes interesadas.

**Artigo 69.-**

Calquera persoa ou entidade que os seus dereitos ou intereses lexítimos poidan verse afectados pola sustanciación dun procedemento disciplinario deportivo, poderá presentarse no mesmo. Dende entón, e os efectos de notificacións e de proposición e práctica de probas, esa persoa ou entidade terá a consideración de interesado.

**B) Procedemento ordinario**

**Artigo 70.-**

Este procedemento ordinario, aplicable para a imposición de sancións por infracción das regras de competición, asegura o normal desenvolvemento da mesma, así como o trámite de audiencia dos interesados e o dereito de recursos.

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

Dito procedemento, de aplicación ñas competicións deportivas da FGT, axustarase no posible ó disposto para o procedemento extraordinario que se desenvolve no punto C) desta mesma sección 7ª.

C) Procedemento extraordinario.

#### **Artigo 71.-**

O procedemento extraordinario, que se tramitará para as sancións correspondentes as normas deportivas xerais, terán que axuntares os principios e regras da lexislación xeral e ó establecido no Real Decreto 1591/1992, de 23 de decembro, sobre Disciplina Deportiva.

#### **Artigo 72.-**

O procedemento extraordinario iniciarase por providencia do órgano disciplinario deportivo competente, de oficio, a solicitude de parte interesada ou a requirimento da Dirección Xeral para o Deporte. A incoación de oficio poderase producir por iniciativa do propio órgano ou en virtude de denuncia motivada.

A tal efecto, ó ter coñecemento segundo a suposta infracción das normas deportivas xerais, o órgano disciplinario depo competente, para incoar expediente, poderá acordala dunha información reservada antes de dicta-la providencia na que se decida a incoación de expediente ou, no seu caso, o arquivo das actuacións.

A resolución pola que se acorde o arquivo das actuacións, terá que expresa-las causas que a motiven e dispor o pertinente na relación co denunciante, se o houbera.

#### **Artigo 73.-**

A providencia que inicie o expediente disciplinario, terá que conter tanto o nomeamento do instructor, o que terá o seu cargo a tramitación de dito expediente, como do Secretario que asistirá ó instructor nesa labor.

A providencia de incoación inscribirase no rexistro especial de sancións.

#### **Artigo 74.-**

Ó instructor e, no seu caso ó Secretario, sonlle de aplicación as causas de abstención prevista na lexislación do Estado para o procedemento administrativo común.

O dereito de recusación poderá ser exercitado no prazo de tres días hábiles, contados dende o que teña coñecemento da correspondente providencia do nomeamento, ante o mesmo órgano ca dictou, o que terá que resolver no prazo de tres días. Contra as resolucións adoptadas polos órganos disciplinarios deportivos competentes, en orde a abstencións ou recusacións, non se dará recurso, sen prexuízo de que poida alegar a recusación ó interpoñer recurso administrativo ou xurisdiccional, segundo proceda, contra o acto que pona fin ó procedemento.

#### **Artigo 75.-**

Iniciado o procedemento e con suxeición ó principio de proporcionalidade, o órgano disciplinario deportivo competente para a súa incoación poderá adopta-las medidas provisionais que estime oportunas, para asegura-la eficacia da resolución que puidera recaer. A adopción de medidas provisionais poderá producirse en calquera momento do procedemento, ben de oficio ou por moción razoada do instructor.

Non se poderán dictar medidas provisionais que poidan causar prexuízos irreparables.

#### **Artigo 76.-**

O instructor ordenará a práctica de cantas dilixencias sexan adecuadas para a determinación e comprobación dos feitos, así como para a fixación das infraccións susceptibles de sanción. Os feitos relevantes para o procedemento poderá acreditarse por calquera medio proba, unha vez que o instructor decida a apertura da fase probatoria, a cal terá unha duración non superior a quince días nin inferior a cinco. Os interesados serán informados con suficiente antelación do lugar e momento da práctica das probas.

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

Pola súa parte, os interesados poderán propor, en calquera momento anterior ó inicio da fase probatoria, a práctica de calquera proba ou aportar directamente as que resulten de interese para a adecuada e correcta resolución do expediente. Contra a denegación expresa ou táctica da proba proposta polos interesados, e poderán poner reclamación no prazo de tres días hábiles, ante ó órgano competente para resolve-lo expediente, quen terá que pronunciarse no termo doutros tres días. En ningún caso, a interposición da reclamación paralizará a tramitación do expediente.

#### **Artigo 77.-**

Os órganos disciplinarios deportivos poderán, de oficio ou a solicitude do interesado, acorda-la acumulación de expediente cando se produzan as circunstancias de identidade ou analoxía razoable e suficientes, de carácter subxectivo, que fagan aconsellable a tramitación e resolucións únicas. A providencia de acumulación será comunicada os interesados no procedemento.

#### **Artigo 78.-**

A vista das actuacións practicadas e nun prazo non superior a un mes, contado dende a iniciación do expediente, o instructor procederá o sobresemento do mesmo ou formulará o correspondente prego de cargos, que terá que conter os antecedentes relativos os feitos imputados, as circunstancias concorrentes e as supostas infraccións, así como as sancións que puideran ser de aplicación. O instructor poderá, por causas xustificadas, solicita-la aplicación do prazo referido ó órgano disciplinario deportivo competente para resolver.

No prego de cargos, o instructor presentará unha proposta de resolución que será notificada os interesados para que, no prazo de dez días hábiles, manifestén cantas alegacións consideren convenientes na defensa dos seus dereitos ou interese. En dito prego de cargos, o instructor terá que propor o mantemento das medidas provisionais que no seu caso se houberan adoptado.

Transcorrido o prazo sinalado no párrafo anterior, o instructor, sen tnaís trámite, elevará o expediente ó órgano disciplinario deportivo competente para resolver, xunto cas alegacións que, no seu caso, se houberan presentado.

#### **Artigo 79.-**

A resolución do órgano disciplinario deportivo competente para fin ó expediente disciplinario deportivo e terá que dictarse no prazo máximo de dez días, a contar dende o seguinte ó da elevación do expediente polo instructor.

## **SECCIÓN 8ª. NOTIFICACIÓNS E RECURSOS**

### **1.- Notificacións**

#### **Artigo 80.-**

Toda providencia ou resolución que afecte os interesl no procedemento disciplinario deportivo regulado nos presentes Estatutos, será notificado a aqueles no mais breve prazo posible, co límite máximo de dez días hábiles.

As notificacións faranse de acordó cas normas previstas na lexislación do procedemento administrativo común.

#### **Artigo 81.-**

Con independencia da notificación persoal poderá acordarse a comunicación pública das resolucións de sanción pero, en tal caso, terá que respectarse o dereito ó honor e á intimidade das persoas conforme á lexislación vixente.

Non obstante, as providencias e resolucións non producirán efectos para os interesados ata a súa notificación persoal.

#### **Artigo 82.-**

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

As notificacións terán que conter o texto integro da resolución, con indicación de se é ou non definitiva, a expresión das reclamacións ou recursos que procedan, órgano ante o que tivera que presentarse e prazo para interpor unhas e outras.

2. - Recursos

#### **Artigo 83.-**

As resolucións disciplinarias dictadas en primeira instancia e por calquera procedemento, polo Comité de Competición, poderá ser recorridas, no prazo máximo de dez días hábiles, ante o Comité da Apelación da FGT.

As resolucións dictadas polo Comité de Apelación da FGT, en materia de disciplina deportiva de ámbito autonómico, que esgoten a vía federativa poderán ser recorridas, no prazo de quince días hábiles, ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva.

As resolucións deste esgotan a vía administrativa e aplicaranse, no seu caso, a través da FGT, que será responsable do seu escrito e efectivo cumprimento.

#### **Artigo 84.-**

Se concorresen circunstancias excepcionais no curso da instrución dun expediente disciplinario deportivo, os órganos competentes para resolver poderán acorda-la aplicación dos prazos previstos, ata un máximo de tempo que non exceda a metade do mesmo, corrixida por exceso.

#### **Artigo 85.-**

As peticións ou reclamacións propostas ante os órganos disciplinarios deportivos terán que resolverse de maneira expresa no prazo non superior a quince días. Transcorrido dito prazo, entenderanse rexeitadas.

#### **Artigo 86.-**

Os escritos nos que se formalice reclamación ou recursos terán que conter:

- a) O nome e apelidos da persoa física ou denominación social dos entes asociativos interesados, con expresión, no seu caso, do nome e apelidos dos seus representantes.
- b) Dirección completa do domicilio para notificacións.
- c) As alegacións que se estimen pertinentes, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquela, e os razoamentos e preceptos nos que se base ou fundamenten as súas peticións.
- d) As pretensións que deduzan de tales alegacións, razoamentos e preceptos.

#### **Artigo 87.-**

Para formular recursos ou reclamacións, contarase a partir do día seguinte ó da notificación da resolución ou providencia, se estas foran expresas. Se non o fosen, o prazo será de quince días hábiles, contados dende o seguinte ó que teñan que entenderse rexeitadas as peticións, reclamacións ou recursos, conforme ó sinalado nos presentes Estatutos segundo artigo 85.

#### **Artigo 88.-**

A resolución dun recurso confirmará, revocará ou modificará a decisión recorrida, sen que no caso de modificación poida derivarse maior prexuízo para o interesado, cando este sexa o único concurrente.

Se o órgano disciplinario deportivo competente para resolver estimase a existencia de vicio formal, poderá ordenar a retroacción do procedemento ata o momento no que se produciu a irregularidade, con indicación expresa da fórmula para resolvela.

#### **Artigo 89.-**

A resolución expresa dos recursos terá que producirse nun prazo non superior a trinta días. En todo caso, e sen que elo supoña a exención do deber de dictar resolución expresa, transcorridos trinta días hábiles sen que se dicten e notifique a resolución do recurso imposto, entenderase que este foi destinado, momento no que quedará expedida a vía procedente.

**Federación Galega de Taekwondo**  
**Estatutos**

**SECCIÓN 9ª. ÓRGANOS DISCIPLINARIOS DEPORTIVOS**

**Artigo 90.-**

Segundo se establece no artigo 43 dos presentes Estatutos, os órganos disciplinarios deportivos os que corresponde o exercicio da potestade desta natureza naquela son as Comisións de Campionato, en segunda instancia ó Comité de Competición e ó Comité de Apelación da FGT nas instancias e dependencias que se determinan.

**Artigo 91.-**

As Comisións de Campionato entenderán en primeira instancia das infraccións que se cometan ñas probas e campionatos rexionais, e terase que nomear unha para cada campionato, sendo a súa composición a seguinte:

a) Presidente: Un membro designado pola FGT: o Director Deportivo ou o Director Técnico.

b) Vocais: O Director de Arbitraje da FGT, o delegado do club organizador e dous delegados dos equipos participantes, designados por sorteo.

O Comité de Competición estará formado por tres membros titulares e tres suplentes, segundo a seguinte disposición:

a) Presidente: Un vicepresidente da FGT.

b) Vocais: Dous membros da FGT nomeados polo presidente.

O Comité de Apelación da FGT formaran un Presidente e catro vocais, un dos cales actuará como Secretario, tendo que ser membros da FGT.

Os nomeamentos e cesamentos dos membros do Comité de Apelación correspóndelle ó Presidente da FGT, que os comunicará posteriormente á Asemblea Xeral.

**Artigo 92.-**

Con carácter circunstancial, o Presidente do Comité de Apelación da FGT poderá requeri-lo asesoramento de técnicos, para informar sobre aquelas cuestións que, a xuízo de dito Presidente, requira o proceso disciplinario en curso.

**TÍTULO VII**  
**RÉXIME DOCUMENTAL**

**Artigo 93.-**

Integrarán en todo caso o réxime documental da FGT:

a) O libro ou rexistro de clubs ou asociacións afiliadas, no que constará a súa denominación, domicilio social e filiación dos presidentes e membros das súas xuntas directivas.

b) O libro de actas, no que se incluírán as das reunión da Asemblea Xeral, da súa Comisión Delegada e da Xunta Directiva.

c) Os libros de contabilidade nos que figurarán os dereitos e obrigas, e os dereitos e gastos da FGT, tendo que precisarse a procedencia daqueles e a inversión ou destino distes.

d) Libro onde se recolla a relación de bens mobles e inmobles.

e) Os demais que legalmente sexan esixibles.

**TÍTULO VIII**  
**PROCEDIMENTO PARA A REFORMA DOS ESTATUTOS**

**Artigo 94.-**

Os Estatutos da FGT únicamente poderán ser modificados por acordó da Asemblea Xeral reunida en sesión extraordinaria.

## **Federación Galega de Taekwondo**

### **Estatutos**

A proposta de modificación dos Estatutos poderá ser efectuada pola Xunta Directiva da FGT, pola Comisión Delegada por maioría absoluta, ou por o 35% dos membros da Asemblea Xeral.

#### **Artigo 95.-**

Acordada pola Asemblea Xeral, reunida en sesión extraordinaria, a modificación dos Estatutos, esta será sometida á aprobación da Dirección Xeral para o Deporte. Obtida esta aprobación, a modificación entrará en vigor o día seguinte ó da notificación pola Secretaría Xeral do acordó de aprobación.

#### **Artigo 96.-**

Coa convocatoria para a reunión extraordinaria da Asemblea Xeral, na que terá que tratarse a modificación de Estatutos, terá que enviarse a tódolos membros de ese órgano superior a proposta ou propostas de reforma, cunha antelación mínima de sete días naturais á data na que a citada reunión teña que celebrarse.

## **TÍTULO IX**

### **DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN**

#### **Artigo 97. -**

A FGT extinguirase polas seguintes causas:

- a) Por acordó específico da Asemblea Xeral reunida en sesión extraordinaria, adoptado por maioría de dous tercios dos seus membros e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- b) Polas demais causas previstas na Orde do 28 de xullo de 1995, que desenvolve o Decreto 228/1994, de 14 de xullo, sobre Federaciós Deportivas Galegas.

#### **Artigo 98.-**

No caso de disolución e unha vez practicada a oportuna liquidación, o patrimonio neto da FGT, se o houberse, aplicarase á realización de actividades análogas, que determinará a Dirección Xeral para o Deporte o seu destino concreto.